

CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA 2016

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



REGULAMENTO PARTICULAR



PROBA: V SUBIDA A PONTENOVA

PROVINCIA: LUGO

DATA: 28 e 29 de Maio de 2016



1.- PROGRAMA.

Data	Horario	Programa	Lugar
Domingo 24/04/2016	21.00	Apertura de Inscripcións	Escudería A Pontenova Santa Apolonia 75 27720 A Pontenova (Lugo)
Xoves 26/05/2016	21.00	Peche de Inscripcións	
Xoves 26/05/2016	22.00	Publicación Lista de Inscritos	
Sábado 28/05/2016	09.30	Apertura Parque Pechado	Praza dos Fornos A Pontenova
	09.00 a 12:00	Verificacións Administrativas	Casa da Cultura A Pontenova
	09:30 a 12:30	Verificacións Técnicas	Praza dos Fornos A Pontenova
	14:00	Publicación Lista Autorizados a tomala saída	Taboleiro Oficial de Avisos Casa da Cultura
	14:30	Presentación Pilotos Parque Pechado	Praza dos Fornos A Pontenova
	15:00	Presentación Pilotos en ParquePre-saída	Saída Treito Estrada LU-4803
	15:30 Seguido Seguido	1ª Manga Oficial 2ª Manga Oficial 3ª Manga Oficial	
Domingo 29/05/2016	08:30	Presentación Pilotos Parque Pechado	Praza dos Fornos A Pontenova
	09:00	Presentación Pilotos en ParquePre-saída	Saída Treito Estrada LU-4803
	10:00 Seguido Seguido	4ª Manga Oficial 5ª Manga Oficial 6ª Manga Oficial	
	15:00	Entrada parque pechado	
	15:15	Verificacións de Oficio	Talleres Santa Apolonia 75 27720 A Pontenova
	15:30	Publicación de resultados	Taboleiro Oficial de Avisos Casa da Cultura
	15:45	Rolda de prensa dos tres primeiros clasificados (6), carrozados e non carrozados.	Casa da Cultura A Pontenova
	16:15	Entrega de Premios e Trofeos	Casa da Cultura A Pontenova

Nota: Levantamento vehículos parque pechados: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques pechados, sen ter que esperar ás entregas de premios.

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Desde o día 27 (Venres) de Maio ás 20.00 horas, ata do día 29 (Domingo) de Maio ás 19.00 horas estará situado na Oficina Permanente da Proba, estará emprazada en Casa da Cultura de A Pontenova e ademais situarase un taboleiro de anuncios adicional no parque pre-saída.

2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

1.1.- Definición:

A Escudería A Pontenova organiza a 5ª Subida a Pontenova que se desenrolará desde o día 28 de Maio ao día 29 de Maio do ano 2016.

Esta proba disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2016, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 05/04/2016. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-012-MO.

1.2.- Comité de Organización:

Presidente:

D. Manuel Díaz Fernández

Vogais:

D. Santiago Coladas-Guzmán

D. Benigno Martínez García

Secretaría:

D. Antía Díaz Moirón

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

ESCUDERIA A PONTENOVA

Santa Apolonia 75, 27720 A Pontenova - Lugo

Teléfonos: 982342283/655 86 05 50/650 78 11 65

Email: escuderiapontenova@gmail.com

1.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Manuel Díaz Fernández DC1ª-1016-GA.

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. Alfonso Viana Mejuto DC1ª-1019-GA.

D. Jose Ledo Janeiro CD-1020-GA.

D. Jose Luis Gay Eiriz DC-1021-GA.

Observador da F.G. de A.:

D. Victoriano González Boullosa OBS-0029-GA.

Director da Carreira-Oficina/Autobús:

D. Pablo Cerecedo Pastor DC-1017-GA.

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. Juan Carlos Feijoo Rodríguez JOC1ª-0006-GA.

Responsable Equipos Cronometraxe:

D. Florentino Leiro Portela DC-1023-GA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Jose Antonio Bello Sequeiro CD1ª-1018-GA.

Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):

Verde D. Manuel Díaz Fernández DC1ª-1016-GA

Vehículo "00" (ESCOBA):

Vermello D. Álvaro Rodil Logares CD1ª-1015-GA.

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 2, antes da celebración do meeting.

Central de datos:

Servicio Informático: FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

D^a. Raquel Rodríguez López JOB-0017-GA.

D^a. Miriam Pérez Nóvoa OB-0049-GA.

Servizo de ambulancias:

Ambulancias Virxe de Fátima

Centros Asistenciais:

PAC de Meira

Hospital da Costa (Burela)

Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA)

Servizo de Grúas:

Talleres Santa Apolonia

Xin

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto despois do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza CD1^a, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

A **VSUBIDA A PONTENOVA** é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato de Galicia de Montaña.
- Campionato de Galicia de Montaña Regularidade Sport 80 km./h.
- Campionato de Galicia de Montaña Regularidade Sport 50 km./h.
- Copa de Galicia de Montaña para o Grupo "N".
- Copa de Galicia de Montaña para o Grupo "A".
- Copa de Galicia de Montaña para o Grupo "X".
- Copa de Galicia de Montaña para o Grupo "H".
- Copa de Galicia de Montaña para o Grupo "G".
- Copa de Galicia de Montaña para o Grupo "T".
- Copa de Galicia de Montaña para o Grupo "P".
- Copa de Galicia de Montaña para o Grupo "CM".
- Copa de Galicia de Montaña para o Grupo "SCC".
- Copa de Galicia de Montaña para Escuderías (Grupos N, A, X, P, H, T, G, C3-CN, EM, SCC, CM).

Artigo 3.- Vehículos admitidos.

3.1.- Os vehículos segundo o seu grupo e cilindrada serán agrupados nas seguintes clases:

GRUPO "P"	
Clase 1:	Tódalas cilindradas

GRUPO "N"		GRUPO "R"	
Clase 2:	Ata 1.600 c.c.	R1A, R1B	De 1.400 c.c. ata 1.600 c.c.
Clase 3:	Máis de 1.601 c.c. ata 2.000 c.c.		
Clase 4:	Máis de 2.001 c.c.		

GRUPO "SCC"	
Clase 5:	Ata 1.400 c.c

GRUPO "C3-CN-EH-EL-D/E2SS-CN/E2SC"	
Clase 6:	Tódalas cilindradas

GRUPO "CM, EM"	
Clase 7 (CM):	Ata 1.400 c.c.
Clase 8 (EM):	Ata 1.400 c.c.

GRUPO "X"		GRUPO "A"		GRUPO "R"	
Clase 9:	Ata 1.000 c.c.	Ata 1.000 c.c.			
Clase 10:	De 1.001 c.c. ata 1.600 c.c.	De 1.001 c.c. ata 1.600 c.c.		R2B	De 1.400 c.c. ata 1.600 c.c.
Clase 11:	Máis de 1.601 c.c. ata 2.000 c.c.	Máis de 1.601 c.c. ata 2.000 c.c.		R2C, R3C, R3D	De 1.601 c.c. ata 2.000 c.c.
Clase 12:	Máis de 2.001 c.c.	Máis de 2.001 c.c.		R3T, R4, R5	

R-GT / GT SERIES / GT+ / GTRALLYE / N1 / N2 / N3 / N5 (MAXYRALLY) / N6 (MAXYRALLYGALEGO)	
GRUPO "G"	
Clase 13:	Ata 2.500 c.c.
Clase 14:	Máis de 2.501 c.c.

HISTÓRICOS	
GRUPO "H"	
Clase 15:	Ata 1.600 c.c. Provinte dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".
Clase 16:	Máis de 1.601 c.c. Provinte dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".

TRACCIÓN TRASEIRA	
GRUPO "T"	
Clase 17:	Ata 2.000 c.c.
Clase 18:	Máis de 2.001 c.c.

GRUPO P:

Clase 1: Tódalas cilindradas. GRUPO ESPECIAL PROTOS-VEHÍCULOS ESPECÍFICOS DE COMPETICIÓN:

Serán admitidos a participar e puntuar aqueles vehículos que ó soliciten á F.G. de A., e que cumpran os requisitos esixidos pola Comisión de Montaña, non admitíndose vehículos dados de baixa (matriculación, seguro, e I.T.V. de rallye vixente e o día), nin temporal, nin do Plan Prever, Pive ou similares; agás os "vehículos específicos de competición" os cales están excluídos desta normativa. As medidas de seguridade terán que ser as mesmas que no grupo X, as mesmas que o Grupo A, en materia de seguridade.

Os vehículos turbo alimentados que participen neste grupo deberán montar una brida de diámetro interior de 38mm mantido sobre unha lonxitude mínima de 3 mm, medido augas abaixo dun plano perpendicular ao eixo de rotación situado a un máximo de 50 mm augas arriba dun plano que pase polos extremos máis augas arriba dos álabes da roda (ver debuxo 254-4). Este diámetro debe respectarse independentemente das condicións de temperatura. O diámetro exterior da brida a nivel do pescozo, debe ser inferior a 44 mm, e debe manterse sobre unha lonxitude de 5mm a cada lado de este. No caso dun motor con dous compresores en paralelo, cada compresor está limitado por unha brida cun diámetro interior máximo de 24 mm, e un diámetro exterior máximo de 30 mm nas condicións prescritas anteriormente.

- Vehículos específicos de competición: Construídos polos fabricantes de vehículos (Fórmulas, barquetas e turismos) con documentación, factura, ou ficha de homologación expedida polo constructor ou pola F.I.A. ó efecto. A mesma suplirá a documentación ordinaria, e segundo a Lei de Circulación vixente, non será necesario (matriculación, seguro e I.T.V. de vehículo de Rallye), agás os autorizados pola Federación Galega de Automobilismo, denominados SCC, con motorización provinte dunha moto, e baixo a normativa de aplicación dictada e publicada pola Federación Galega de Automobilismo.

Todos estes vehículos deberán ter operativos os pilotos posteriores ou no seu defecto instalar uns pilotos de cor vermello, cunhas bombillas de 15w mínimo.

Os vehículos pertencentes a este grupo deberán cumprilos requisitos do regulamento técnico da Federación Galega de Automobilismo.

GRUPO SCC:

Clase 5: Cilindrada ata 1400 cc. Vehículos de producción de serie, e con pasaporte específico, adecuados a normativa publicada no Anuario da F.G. de A., con motor de moto ata 1400 cc., con tracción dianteira, traseira, ou con motor central. Admitirase a participación dos vehículos Mitjet, e Legend Cars neste Grupo.

GRUPO C3-CN-EH-EL-D/E2SS-CN/E2SC:

Clase 6: Tódalas cilindradas. Vehículos C3: As características técnicas do motor deberán estar reflexadas na ficha técnica do mesmo. Limitase a cilindrada a 2.500 cm³. O peso de ditos vehículos será o seguinte:

- ata 1000 cm³ 500 Kg.
- Máis de 1000 cm³ a 1300 cm³ 530 kg
- Máis de 1300 cm³ a 1600 cm³ 560 kg
- Máis de 1600 cm³ a 2000 cm³ 600 kg
- Máis de 2000 cm³ a 2500 cm³ 640 kg

Vehículos CN: Deberán de cumprir o artigo 259 do Anexo J do C.D.I., a cilindrada do motor limitase a 3000 cm³.

Grupo D/E2-SS: Vehículos de carreira monoprazas de Fórmula Internacional ou Fórmula Libre dunha cilindrada igual ou inferior a 3.000 c.c.

Grupo CN/E2-SC: Vehículos deportivos de producción e vehículos de competición bipraza, (combinados) abertos ou pechados, construídos dunha cilindrada igual ou inferior a 3.000 c.c.

Vehículos segundo o Artigo 277 do Anexo J 2016.

GRUPOS CM, EM:

Clase 7 (CM): ata 1.400 c.c. (Carburación e inxección).

Clase 8 (EM): ata 1.400 c.c. (Carburación e inxección).

HISTÓRICOS:

GRUPO "H":

Clase 15: Ata 1.600 c.c. Provintes dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".

Clase 16: Máis de 1.600 c.c. Provintes dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".

3.2.- Os Fórmulas monopraza (Grupo E), deberán cumpri-la regulamentación dos vehículos de Fórmula Libre (EL)segundo ó artigo 277 Anexo J, fórmula homologado (EH), e fórmula con motor de moto (EM), da F.G. de A.

Os vehículos do Grupo E, construídos antes do 01/01/1.987 que teñan instalada unha rótula UNIBALL nas rótulas de pivotamento, dirección-suspensión (soportamento do porta-mangueta metálico), será obrigatorio como norma de seguridade instalar unha anella, ca que a protección, a bola da rótula non poderá chegar a saír do seu aloxamento, aínda con folgura.

3.3.- REGULARIDADE SPORT:

Tendo en conta que son vehículos clásicos utilizados en eventos non deportivos, a maior parte deles carecen de equipamentos de seguridade esixibles para eventos deportivos (barras, buckets, arneses, extinción) polo que habería que crear dúas categorías de vehículos: (vehículos deportivos debidamente equipados (Tipo A) e vehículos de rúa (Tipo B) que poden estar de serie ou con algún elemento de seguridade engadido. Estes vehículos terán que ter un mínimo de 25 anos de antigüidade o inicio da tempada 2016. Nos vehículos de serie, obligarase a colocación en lugar accesible polos ocupantes dun extintor de 6kg debidamente anclado o coche. así como o uso obrigatorio de casco. (Sen homologación F.I.A.). Nos vehículos de competición(Tipo A),

ademais dos anteriores, serán obrigatorias barras antivolco, arco de seguridade e arneses. Por outro lado recoméndase o uso de roupa ignífuga. (Según Anexo J).

Os equipos de medición adicionais son libres.

3.4.- A tódolos efectos, considérase constituída unha clase coa saída dun so vehículo.

3.5.- REGULARIDADE SPORT:

Vehículos Admitidos: Tendo en conta que son vehículos clásicos utilizados en eventos non deportivos, a maior parte deles carecen de equipamentos de seguridade esixibles para eventos deportivos (barras, buckets, arneses, extinción) polo que habería que crear dúas categorías de vehículos: (vehículos deportivos debidamente equipados (Tipo A) e vehículos de rúa (Tipo B) que poden estar de serie ou con algún elemento de seguridade engadido.

Estos vehículos terán que ter un mínimo de 25 anos de antigüidade o inicio da tempada 2016.

Nos vehículos de serie, obligarase a colocación en lugar accesible polos ocupantes dun extintor de 6kg debidamente anclado o coche. así como o uso obrigatorio de casco. (Sen homologación F.I.A.).

Nos vehículos de competición (Tipo A), ademais dos anteriores, serán obrigatorias barras antivolco, arco de seguridade e arneses. Por outro lado recoméndase o uso de roupa ignífuga. (Según Anexo J).

Os equipos de medición adicionais son libres.

Clases:

Clase 1: Vehículos ata 31/12/1970 e cilindrada ata 1.600cc.

Clase 2: Vehículos ata 31/12/1970 e cilindrada dende 1.601cc.

Clase 3: Vehículos entre 01/01/1971 a 31/12/1980 e cilindrada ata 1.600cc

Clase 4: Vehículos entre 01/01/1971 a 31/12/1980 e cilindrada dende 1.601cc

Clase 5: Vehículos desde 01/01/1981 tódalas cilindradas.

Unha clase considerase constituída coa participación dun só vehículo.

Para os vehículos equipados con turbo e a efectos da súa integración nas distintas clases, a súa cilindrada efectiva será multiplicada por 1.7.

Artigo 4.- Desenrolo da proba.

Para a especialidade de “velocidade pura” muda a forma da realización do evento (sábado e domingo) puntuando as seis mangas, para o computo final, retendo e sumado as tres mellores, que se obteñan no sábado ou domingo; en definitiva as tres mellores mangas das seis celebradas nos dous días indistintamente.

Tamén é obrigatorio chegar a meta, como mínimo nunha manga de cada día, quedando descalificado se nun día non se ten un tempo oficial.

O equipo que teña un percance de tipo mecánico pode solicitar, por escrito en documento que se lle aportará no autobús da F.G.deA. Terase que presentar o Colexio de Comisarios Deportivos antes do inicio da manga, para a non participación na seguinte manga e reparar. O Colexio, de consideralo, otorgaralle o equipo o tempo do peor clasificado, mais dez segundos de penalización, do grupo que pertenza carrozados ou non carrozados.

Está prohibido ós equipos circular en sentido inverso do treito, baixo pena de exclusión. Os adestramentos libres efectuaranse segundo o ANEXO IV.

Na saída os coches deberanse colocar da seguinte forma:

1.-Os primeiros en saír, en tódalas mangas, son os fórmulas, barquetas, CM, SCC, e turismos de maior a menor potencia, tendo o primeiro número o Campión en título (de Non Carrozados e Carrozados). A continuación

sairán os participantes de Regularidade Sport Tipo A (Velocidade media de 80 km/h.) e por último os de Regularidade a 50 km/h. (Tipo B).

2.- Tódolos vehículos que usen calentadores, e estean na caravana de saída de tódalas mangas, si houberse paróns, non poderán volver a súa asistencia, so pena de rigorosa exclusión, ó volver a poñelos calentadores dos pneumáticos.

3.- Está normativa é de obrigado cumprimento, dende a data da súa publicación, a tódolos efectos, en tódalas probas de montaña.

4.- Prégase face-las listas de inscritos coa máxima rigorosidade, e tendo moi en conta ós pilotos que figuran na clasificación do Campionato Galego de Montaña, ata o día da data da súa publicación.

5.- Ante a rotura dunha rótula, de calquera vehículo en participación, equivale a un abandono total da proba na que se participe, o que garantirá a seguridade do público e dos participantes. Dito vehículo (turismo ou fórmula) será verificado con rigor na seguinte proba. Dita normativa non é interpretativa a criterio dos Comisarios Deportivos, sendo de obrigado cumprimento.

6.- Os parafusos e as porcas das rodas de tódolos vehículos en tódalas modalidades non poderán exceder do plano vertical exterior da lamia. Será causa de exclusión na verificación inicial dos vehículos que incumpran a normativa, antes, durante, e na verificación final de oficio da proba.

7.- En montaña os vehículos turboalimentados se lles precintará o turbo montado no vehículo podendo precintarse, opcionalmente, un turbo de reposto. O diámetro máximo da brida será:

GRUPO/BRIDA	GASOLINA	DIESEL
N	33 mm.	35 mm.
A	34 mm.	37 mm.
S2000/WRC (1.600 c.c.)	33 mm.	---
R3T	29 mm.	---
R3D	---	32 mm.
X	38 mm.	38 mm.
P	38 mm.	38 mm.
H	38 mm.	38 mm.
G	Segundo medida e especificación da Copa ou Trofeo do que procedan.	

En tódolos grupos os vehículos biturbo terán que facer unha monta de brida de alomenos 22,7 mm., en "Grupo N", e de 24 mm., en "Grupo A", e en Grupo P a mesma brida según proveñan de "Grupo N" ou de "Grupo A". Os novos grupos R3T/R3D terán que montar unha brida de 20,5 mm. e 22,6 mm. respectivamente.

Nota: Infórmase que tódalas bridas terán que cumprila normativa F.I.A., e moi en especial a medida interior, exterior, e sistema de fixación (facendo especial fincapé na prohibición do sistema de punzón). Así mesmo a devandita normativa aplicarase tamén na modalidade de Montaña.

Tódolos vehículos que perdan a súa homologación durante as tempadas 2011, 2012, e vindeiras, terán que montala brida correspondente ó Grupo "N", ou Grupo "A", do que procedan con anterioridade á perda de homologación.

8.- REGULARIDADE SPORT:

Tramo de calibración será desde a liña de saída á de chegada en tódalas subidas do Campionato 2016.

Formato das probas:

1. Regularidade a 50km/h (Tipo B): Imponse unha velocidade media dos participantes de 50km/h.

Estableceranse controis horarios de saída e chegada. A penalización aplicada será de 1 punto por cadamilésima de segundo de diferenza entre a hora real de paso e a hora teórica. A saída será marcada o paso do vehículo pola célula a milésima de segundo.

2. Regularidade Sport (Tipo A): Velocidade media de 80km/h. As penalizacións serán as mesmas que en Regularidade a 50km/h. A saída será marcada o paso do vehículo pola célula a milésima de segundo.

Ponse un punto de control o inicio e outro o final do treito. Tómasse o tempo de paso polo control de saída e polo control de meta. Montaranse controis secretos ó longo do tramo.

A forma de penalizar será un punto por cada milésima de segundo.

O gañador será o participante que menos penalización obteña, no computo total das seis ascensións (sábado e domingo).

A orde de saída será a continuación do derradeiro participante da Agrupación "B" de Turismos/Carrozados de velocidade.

Asistencias: Queda terminantemente prohibido facer asistencias no parque de presáida, e no parque de traballo, só pena de exclusión para tódolos vehículos de regularidade "A" e "B". Existe a salvedade de indicar na folla de inscrición, voluntariamente, o nome e número de licencia da súa asistencia. Neste caso o organizador autorizará a mesma a tódolos efectos.


Advertencia: Calquera irregularidade, temeridade, ou incumplimento deliberado-intencionado no bó desenrolo daproba conlevará a exclusión do evento deportivo, con traslado ó Tribunal Galego de Apelación para apertura de expediente sancionador.

Artigo 5.- Percorrido.

A proba celebrase na estrada:

LU-4803(A Pontenova – Augaxosa).

Saída:	Km. 0,450
Chegada:	Km. 5,250
Lonxitude:	4,800 metros



Os recoñecementos do percorrido feitos á marxe dos adestramentos oficiais, serán de exclusiva responsabilidade dos ocupantes do vehículo, sen que se poda vincula-la súa actuación, baixo ningún concepto, coa organización da proba.

Queda estritamente prohibido realizar marcas sobre sinais de tráfico, fitos, pavimentos, edificacións ou marxes da estrada por parte dos concursantes, participantes e outras persoas relacionadas con eles, no curso dos recoñecementos previos.

Artigo 6.- Sinalizacións.

Durante o transcurso da proba deberanse ater rigorosamente as indicacións dos oficiais sinaladores, efectuadas coas bandeirascos significado que a continuación se detalla:

Bandeira Roxa: Parada inmediata e absoluta.

Bandeira Galega: Sinal de saída.

Bandeira Amarela (Inmóbil): Perigo en xeral, minora-la marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Axitada): Perigo inmediato, minora-la marcha, prohibido adiantar.

Bandeira Amarela (Dúas axitadas): Obstrucción moi grave ou total da pista. Prohibido adiantar.

Bandeira Amarela con franxas roxas verticais: Superficie deslízante por aceite, auga, gravilla, etc.

Bandeira Branca: Presencia en pista dun vehículo lento ou un vehículo de servizo "S", ambulancia, etc.

Bandeira Azul: Un concursante intenta adiantar.

Bandeira Negra con cadros brancos: chegada da Carreira.

Artigo 7.- Concursantes admitidos. Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2016 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 8.- Solicitud de inscrición-inscricións.

8.1.- Toda persoa que desexe participar na Proba: **V SUBIDA A PONTENOVA** deberá remiti-la solicitude de inscrición, debidamente cumprimentada á secretaría da Proba:

ESCUDERÍA A PONTENOVA.

Santa Apolonia 75, A Pontenova (Lugo)
email: escuderiapontenova@gmail.com

ANTES DAS 21 HORAS DO DÍA 26 (XOVES) de MAIO de 2016.

(non se admitirá ningunha inscrición sen resguardo bancario)

8.2.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

Artigo 9.- Dereitos de inscrición-Seguros.

9.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

9.1.1.- 275 €. aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

9.1.2.- 550 €. Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe ser o dobre que o apartado 9.1.1.).

9.1.3.- Os dereitos de inscrición na modalidade de Regularidade Sport fíxanse en:

A) 125 € aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

B) 250 € refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe ser o dobre que o apartado 9.1.3.a.).

9.2.- A solicitude de inscrición non será aceptada se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

9.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

9.4.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria

ES42 20800137493040008864 - ABANCA

Non se devolveran os Dereitos de Inscrición, a ningún participante, unha vez publicada a lista de inscritos

4.- OBRIGAS XERAIS.

Artigo 10.- Publicidade.

A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

Por designar: **Incluída na placa do número.**

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reservar os emplacements seguintes:

Por designar: **Baixo placa número.**

A organización revisará especialmente a ubicación das publicidades obrigatorias, e non se autorizará a saída a ningún vehículo no que os adhesivos non estean correctamente colocados na súa ubicación.

5.- DESENROLO DA PROBA.

Artigo 11.- Hora oficial da Proba. Durante o transcurso da Proba, a hora oficial será a emitida por RNE.

Artigo 12.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas nas Prescricións Comúns para Rallyes da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 13.- Premios. Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes: (Reparto de premios mínimo esixido pola Comisión de Montaña da F.G. de A.):

COEFICIENTE 8						
PODIUM NON CARROZADOS		NON CARROZADOS			PODIUM CARROZADOS	
		1º	850,00 €	2º		
		3º	505,00 €			
		4º	400,00 €			
1º Trofeo e Coroa de Loureiro		CARROZADOS			1º Trofeo e Coroa de Loureiro	
		1º	850,00 €			
2º Trofeo e Coroa de Loureiro				2º	650,00 €	2º Trofeo e Coroa de Loureiro
				3º	505,00 €	
3º Trofeo e Coroa de Loureiro				4º	400,00 €	3º Trofeo e Coroa de Loureiro

COEFICIENTE 8											
GRUPO N		GRUPO CM		GRUPO A		GRUPO EM		GRUPO X		GRUPO C3-CN-EL-EH	
1º	170,00 € + Trofeo	1º	170,00 € + Trofeo	1º	170,00 € + Trofeo	1º	170,00 € + Trofeo	1º	170,00 € + Trofeo	1º	170,00 € + Trofeo
2º	120,00 € + Trofeo	2º	120,00 € + Trofeo	2º	120,00 € + Trofeo	2º	120,00 € + Trofeo	2º	120,00 € + Trofeo	2º	120,00 € + Trofeo
COEFICIENTE 8											
GRUPO SCC		GRUPO H		GRUPO P		GRUPO G		GRUPO T			
1º	170,00 € + Trofeo	1º	170,00 € + Trofeo	1º	170,00 € + Trofeo	1º	170,00 € + Trofeo	1º	170,00 € + Trofeo		
2º	120,00 € + Trofeo	2º	120,00 € + Trofeo	2º	120,00 € + Trofeo	2º	120,00 € + Trofeo	2º	120,00 € + Trofeo		

XERAL	4.810 €
GRUPOS	3.190 €
TOTAL	8.000 €

PREMIOS POR PROBA: en Regularidade Sport:

De 6 ata 9 participantes:

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo
3º 50 € e Trofeo

Regularidade 50 Km./h. tipo B

1º 150 € e Trofeo
2º 100 € e Trofeo
3º 50 € e Trofeo

de 10 a 19 participantes:

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 200 € e Trofeo
2º 150 € e Trofeo
3º 100 € e Trofeo
4º 50 €

Regularidade 50 Km./h. tipo B

1º 200 € e Trofeo
2º 150 € e Trofeo
3º 100 € e Trofeo
4º 50 €

Con 20 ou máis participantes:

Regularidade Sport 80 km/h. tipo A

1º 350 € e Trofeo
2º 300 € e Trofeo
3º 200 € e Trofeo
4º 100 €
5º 50 €

Regularidade 50 Km./h. tipo B

1º 350 € e Trofeo
2º 300 € e Trofeo
3º 200 € e Trofeo
4º 100 €
5º 50 €

En todas las probas entregárase un trofeo ó primeiro de cada clase.

Don Manuel Díaz Fernández, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC1ª-1016-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba
N.I.F.: 13292400D
Licenza DC-1017-OA

Entidade: Escudería A Pontenova
C.I.F.: G-27402841
Fdo: Presidente D. Manuel Díaz Fernández
Licenza DC1ª-1016-OA

Fdo: Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 76570392-B
Licenza CD1ª-1018-OA



ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIONES E RUTAS:

1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2016 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autonómica Única, expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo.

2.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da “Federación Galega de Automobilismo”, a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á “Federación Galega de Automobilismo” para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

3.- Para garantir a responsabilidade a que houber lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delegada aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2016, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e outros eventos:

A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.

C.- Todo participante que non sinale na folla de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas nos Campionatos antes mencionados coa non autorización a tomala saída.

4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2016, inclusive, serán considerados “OPEN”.

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da “Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo” adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

1-Ratifícanse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autonómicas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañan do pasado 12 de Outubro.

2-Ratifícanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro, sobre o precio unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da “Licencia Autonómica Única” polas 17 Federacións Autonómicas.

3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da “Federación Galega de Automobilismo”, adoptou de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2016, sexan considerados “Open”.Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por calquera Federación Autonómica que incumprira o acordo adoptado do precio unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro no C.S.D.

4-O precio de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2016, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumplan o acordo de unificación do precio de licencias establécese en 190 euros.

5-As licencias estatais da veciña Portugal serán validas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.

6-Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da “Federación Galega de Automobilismo” 2016,

e será comunicado a tódalas Federacións Autonómicas de Automobilismo do Estado español.

7-Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal do incumplimento que puidera derivarse do acordo de precios de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.

8-É tamén de obrigado cumprimento, para a expedición de calquera tipo de “Licencia Autonómica Única”, a aportación da copia do D.N.I., ou Certificado de Empadramento, que acredite a vecindad civil aos exclusivos efectos da expedición de licencia pola Federación Autonómica correspondente.

9-A Federación Autonómica que expida licencias a deportistas, oficiais, etc, non residentes no seu territorio será obxecto de denuncia, pola “Federación Galega de Automobilismo”, en tutela dos seus intereses e dereitos.

10-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da “Real Federación Española de Automobilismo”, non serán expedidas nen admitidas, nen forman parte da regulamentación deportiva da “Federación Galega de Automobilismo”, as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, non poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na “Federación Galega de Automobilismo”, incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A mencionada Lei 3/2012 establece no seu artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto nos procesos electorais da “Federación Galega de Automobilismo”.

As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na “Federación Galega de Automobilismo”.

PROGRAMA – HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	28/05/2016	10:00	SALA DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en: AUTOBUS FGA
2ª	28/05/2016	20:00	SALA DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en: AUTOBUS FGA
3ª	29/05/2016	13:30	SALA DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en: AUTOBUS FGA

ANEXO II

ENCARGADO DAS RELACIÓN COS PARTICIPANTES

MISIÓNS PRINCIPAIS. Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licencia expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexo de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas. A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por eso é convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESENROLO DA PROBA. O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da

proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa

-A proximidade do Parque Pechado cando a chegada da proba (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario da proba).

Función

-Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.

-Dar todas las informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (exemplo precisa-las dúbidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

ANEXO III

1) ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade:

Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Hospital.
- Servicio Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servicios de grúas.
- Cruz Roxa.

Itinerario completo con detalle do plan de evacuación.

Plans de seguridade da proba.

b) Xefe de Seguridade Vial: No Regulamento particular da proba nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante a proba estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída da proba (por teléfono ou por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido na proba por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

c) Control: O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

ANEXO IV

CARAVANA RALLYES/MONTAÑA.

En tódolas probas a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 20 minutos antes da saída do número 1.

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo cierre e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Observador Federación: Sairá detras do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orde para o inicio do treito.

Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde): Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial da proba dará a orde oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Afeccionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarrúas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída , e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito, ou de 30 segundos se así fora necesario.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina da proba, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

Escoba na estrada. Vehículo "00" (Vermello): Despois de finalizado o paso de todos os participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnés de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilzalos. Así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana da proba terá que ter licencia de oficial CD para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-CD1ª ou GA-XOC1ª, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudo, emitirase unha acta-informe, e serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibi da entrega na copia.

1.- AMPLIACIÓN ARTIGO 7.- PENALIZACIÓNS:

7.54.- Os adestramentos/recoñecementos en Rallyes e Montaña quedan limitados a un máximo de tres pasadas por treito so penalización de cinco minutos/máis sanción económica ó comezo da proba. A exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos.

NOVA NORMATIVA DE APLICACIÓN INMEDIATA:

A.- Redúcense os adestramentos/recoñecementos a tres pasadas para Rallyes e para Montaña.

B.- A primeira infracción será de engadir unha multa de 300 €uros mais unha penalización de cinco minutos ó inicio da proba (Rallye/Montaña).

C.- A segunda infracción, do punto "B": non admitido a tomala saída no Rallye/Montaña (decisión inicial do Comité Organizador), e ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.

D.- Por incorrer nunha infracción nos puntos "B" e "C", será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación do expediente disciplinario no su caso.

E.- Si unha Escudería fai un treito cronometrado, Rallye ou Montaña na mesma tempada, non se poderá utilizarlo treito por outra entidade organizadora.

F.- Só se poderá adestrar un día, por cada equipo participante, a escoller de entre tres días que designará ó Comité Organizador (Rallye/Montaña), e que será solicitado por fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 150 participantes nos tres días.

G.- A velocidade máxima nos treitos a recoñecer, será en función das limitacións/sinais que existan no treito.

H.- Pola Federación Galega de Automobilismo, notificarase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adoptar as medidas federativas que no seu caso procedan.

I.- Os organizadores designarán un Comisario/Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité

Organizador, con posterior traslado ós Comisarios Deportivos da proba.

J.- A Federación designará outro Comisario/Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

Q.- Entregaranse unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor butano) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro, (lado dereito superior no sentido da marcha) dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba do equipo infractor.

**CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA
BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN
V SUBIDA A PONTENOVA
28 e 29 DE Maio DE 2016**



	CONCURSANTE		CONDUTOR		COPILOTO		ASISTENCIAS	
NOME								
APELIDO 1º								
APELIDO 2º								
D.N.I. – N.I.F.:								
TELEFONO								
LICENCIA	EC-	-GA	E-	-GA	NV-	-GA	AS-	-GA

VEHÍCULO

MARCA	MODELO	MATRÍCULA	C.C.	GRUPO	CLASE

TROFEO OU COPA DE PROMOCIÓN

O Concursante, declara baixo a súa exclusiva responsabilidade, que o vehículo debe quedar clasificado no grupo e na clase sinalados anteriormente.

FECHA DE CERRE DE INSCRIPCIÓN: XOVES 26 DE MAIO DE 2016 ÁS 21:00 HORAS

PAGO DE INSCRIPCIÓN

	Entidade	Oficina	D.C.	Número de Conta
Ingreso na conta:	ES42 2080 ABANCA	0137 A Pontenova	49	3040008864
Importe da inscrición:	275,00 Euros	Accepta a publicidade facultativa: SI	<input type="checkbox"/>	
	550,00 Euros	Accepta a publicidade facultativa: NON	<input type="checkbox"/>	
REGULARIDADE SPORT:				
	125,00 Euros	Accepta a publicidade facultativa: SI	<input type="checkbox"/>	
	250,00 Euros	Accepta a publicidade facultativa: NON	<input type="checkbox"/>	

COBRO DE PREMIOS - OPCIÓN DE ABONO QUE SE SOLICITA

A	Conta bancaria para transferencia de premios <input type="checkbox"/>	Entidade	Oficina	D.C.	Número de Conta
B	En metálico <input type="checkbox"/>		C	Talón nominativo <input type="checkbox"/>	

O Concursante suscrito solicita a súa inscrición para participar na **V SUBIDA A PONTENOVA**, declarando coñece-lo regulamento da proba, ó cal se somete aceptando sen ningunha reserva, tanto por si mesmo como polos seus condutores.

Asdo: O Concursante

No _____, a _____ de _____ de 2016

Cláusula de privacidade:

Os datos de carácter persoal incluídos neste documento serán incorporados a un fichero automatizado propiedade da escudería organizadora, sendo empregados unicamente con fins propios da activade que desenrola, Conforme a LOPD, vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, poñendose en contacto ca escudería.

Acepto